

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

CENTRO: CEIP PLURILIGÜE CHANO PIÑEIRO  
CURSO: TERCEIRO PRIMARIA  
MATERIA: LINGUA ESTRANXEIRA, INGLÉS  
DEPARTAMENTO: INGLÉS  
DATA: 13-05-2020

## ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

<b>1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles</b>	
<b>Criterio de avaliación</b>	<b>Estándar de aprendizaxe</b>
B1.1. Comprender o sentido xeral, e a información máis relevante en interaccións verbais, con estruturas simples e léxico de uso cotiá (os deportes, os animais, as comidas preferidas), conectados cos propios intereses e coas propias experiencias e articulados con claridade e lentamente transmitidos de viva voz ou por medios técnicos que non distorsionen a mensaxe e contén co apoio visual correspondente.	PLEB1.1. Comprende o sentido xeral e a información máis relevante en interaccións verbais, con estruturas simples e léxico de uso cotiá.  Competencia clave: CCL
B1.2. Coñecer e aplicar as estratexias básicas máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, e a información máis relevante do texto.	PLEB1.2. Comprende os puntos principais de narracións e presentacións breves e sinxelas e ben estruturadas sobre temas familiares ou do seu interese, que conteñen con imaxes e ilustracións que clarifiquen o seu significado. Competencia clave: CCL
B1.3. Discriminar patróns sonoros, rítmicos e de entoación básicos nos diferentes contextos comunicativos de forma significativa.	PLEB1.3. Entende o que se lle di en situacións comunicativas habituais sinxelas (instrucións, indicacións, peticións, avisos). Competencia clave: CCL
B2.2. Participar de forma activa e comprensible en conversas que requiran un intercambio directo de información en áreas de necesidade inmediata ou sobre temas moi familiares, aínda que en ocasións a pronuncia non sexa tan clara e poida provocar confusións lingüísticas.	PLEB2.4. Reproduce comprensiblemente textos orais sinxelos e breves (p.e. cancións, rimas) aprendidos a través de xogos.  Competencias clave: CCL, CSC
B2.3. Producir patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos e de uso diario.	
B3.1. Identificar o tema e comprender o sentido xeral e as ideas principais en textos escritos sinxelos de temas previamente traballados de forma oral e de interese para o alumnado e conte con apoio visual en soporte papel ou dixital.	PLEB3.1. Comprende frases simples escritas, relacionadas cos temas traballados previamente de forma oral. Competencia clave: CCL
	PLEB3.2. Comprende a idea principal dunha historia sinxela acompañada de apoio visual redundante e identifica os e as personaxes principais. Competencia clave: CCL
B4.1. Escribir textos sinxelos seguindo un modelo dado, compostos de frases simples illadas, nun rexistro neutro, utilizando con razoable corrección as convencións ortográficas e os principais signos de puntuación, para falar de si mesmo/a, da súa contorna máis inmediata e de aspectos da súa vida cotiá, en situacións familiares e predicibles	PLEB4.1. Escribse frases sinxelas relacionadas con temas da súa vida cotiá traballadas previamente de forma oral.  Competencia clave: CCL
	PLEB4.2. Escribse conversas sinxelas seguindo un modelo dado e respectando a estrutura gramatical coñecida. Competencia clave: CCL
	PLEB4.5. Responde de forma escrita a preguntas sobre temas traballados en clase como, por exemplo, onde está un obxecto ou un lugar, de
B4.2. Aplicar patróns gráficos e convencións ortográficas básicas para escribir con razoable corrección frases curtas que utiliza normalmente ao falar, cunha ortografía aceptable.	

	que cor é un obxecto, que hora é, cales son os seus gustos ou se hai algo nun determinado lugar. Competencia clave: CCL
B5.4. Obter e dar información básica persoal, a súa contorna máis inmediata e na situación de comunicación propia da aula.	PLEB5.1. Pregunta e responde para dar/obter información en conversas básicas (nome, idade, actividades, favoritas e gustos) sobre si mesmo e sobre os demais. Competencia clave: CCL
	PLEB5.7 Diferenza preguntas e respostas simples. Competencias claves: CCL, CSC
	PLEB5.8. Memoriza rutinas lingüísticas básicas e sinxelas para, por exemplo, desenvolverse nas interaccións mais habituais. Competencia clave: CCL
B5.3. Iniciar e rematar as interaccións adecuadamente.	PLEB5.2. Utiliza as rutinas de saúdo e despedidas e diríxese aos demais utilizando as fórmulas de cortesía básicas (hello, goodbye, see you...). Competencias claves: CCL, CSC
B5.13. Recoñecer un repertorio limitado de léxico oral de alta frecuencia relativo a situacións cotiás e temas habituais e concretos relacionados coas súas experiencias.	PLEB5.3. Identifica, asocia e menciona palabras e frases simples con imaxes ilustrativas. Competencia clave: CCL

## 2. Avaliación e cualificación

<b>Avaliación</b>	<p><b>Procedementos:</b> Utilizaranse varias técnicas para recoller información. Os principais procedementos serán: as producións do alumnado, tanto orais como escritas, a realización de tódolos os exercicios e as actividades realizadas a través da aula virtual, actividades interactivas e probas específicas autocorrexibles on line.</p>
	<p><b>Instrumentos:</b> A aula virtual permite recoller evidencias do traballo realizado polo alumnado. A recollida de información será a través da observación directa e sistemática utilizando as listas de cotexo (si/non) , rexistros anecdótico...escalas de estimación (sempre, algunhas veces, nunca); as tarefas escritas e os exercicios prácticos ou diferentes produtos do alumnado, as actividades interactivas e autocorrexibles...</p>

<b>Cualificación final</b>	<p>No cálculo da cualificación final que se establecerá na avaliación ordinaria de cada área, teremos en conta a media aritmética dos dous primeiros trimestres e o traballo desenvolvido polo alumnado neste 3º trimestre referido aos criterios e estándares de avaliación imprescindibles para o reforzo, continuidade do proceso educativo e consolidación dos dous primeiros trimestres do curso, reflectidos neste documento de adaptación e que, no caso destes últimos, solo poderán ter valor positivo para a cualificación do alumnado.</p> <p><b>Cálculo da nota ordinaria:</b></p> <ol style="list-style-type: none"><li>1. Se un alumno ou alumna obtivo unha nota superior ao 5 nas dúas avaliacións anteriores e entrega as tarefas programadas telemáticamente ou impresas e participe nas videoconferencias, a súa nota na avaliación ordinaria, non será a media aritmética das dúas anteriores. Segundo a avaliación do traballo realizado pode aumentar, en ningún caso diminuíla.</li><li>2. No caso de que un alumno ou alumna non acadara o 5 nalgunha das avaliacións anteriores e entregue as tarefas programadas telemáticamente ou impresas e participe nas videoconferencias, a súa nota na avaliación ordinaria, non será a media aritmética das dúas avaliacións anteriores, senón que pode aumentar tendo en conta que as actividades no terceiro trimestre son de reforzo e recuperación.</li><li>3. No caso de que un alumno ou alumna non acadara o 5 nalgunha das avaliacións anteriores e non entregue as tarefas programadas telemáticamente ou impresas e non participe nas videoconferencias, a súa nota na avaliación ordinaria, será a media aritmética das dúas avaliacións anteriores.</li><li>4. Se un alumno ou alumna ten suspensas as dúas avaliacións dunha área e non participa en videoconferencias nin aporta tarefas telemáticamente ou impresas para mellorar os seus resultados e competencias, sendo informada a familia da falta de traballo na área, non acadará unha valoración positiva. O mestre ou mestra da área recollerá evidencias de ter informado a familia da situación.</li><li>5. No informe individualizado do alumnado, que se remitirá ao finalizar o curso debe quedar recollido, de cara ao seguinte curso escolar 2020 – 2021 o traballo realizado polo alumno ou alumna no terceiro trimestre e os atrasos producidos detallando aquelas aprendizaxes imprescindibles non adquiridas. Tamén debe quedar reflexado nas observacións do boletín de notas da avaliación ordinaria, cumprimentando este apartado en Xade.</li></ol> <p>Será o equipo docente, na sesión de avaliación de grupo, o que decidirá a promoción do alumnado tendo en conta o nivel acadado nos criterios de promoción de nivel dados e as competencias clave, non dependendo da cantidade de áreas suspensas.</p>
----------------------------	---

### 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

<b>Actividades</b>	<p>Tódalas actividades de recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso ampliación realizaranse a través da aula virtual coa que xa estabamos traballando.</p> <p>Levaranse a cabo actividades para mellorar a comprensión e expresión tanto oral como escrita como por exemplo: vídeos , cancións, raps e pequenas lecturas de frases acompañadas de audios.</p> <p>A expresión traballase tamén nas vídeo conferencias.</p> <p>Tamén levaranse a cabo durante todo o trimestre moitas actividades interactivas nas que o alumnado pode comprobar as respostas e a mesma actividade da calificación da mesma.</p> <p>Para a creación destas actividades na aula virtual utilizaranse as seguintes pps: leaningapps.com, liveworksheets, wordwall, teach this,...</p>
<b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</b>	<p>Manter a motivación do alumnado intentando que este sea o máis activo e autónomo posible.</p> <p>Para conseguilo empréganse metodoloxías activas e contextualizadas que facilitan a participación e implicación do alumnado e o repaso, reforzo, recuperación e se fose posible a ampliación de coñecementos.</p> <p>Elaboranse e deseñanse diferentes tipos de materiais interactivos adaptados aos distintos niveis e aos diferentes estilos e ritmos de aprendizaxe.</p> <p>Estando integrando tódolos materiais e recursos que permiten o acceso a todo tipo de recursos virtuais.</p> <p>As aulas virtuais, as vídeo conferencias e todos os recursos dixitais son parte fundamental do traballo diario.</p> <p>Para o alumnado que non teñen acceso a wifi ou a un ordenador, están enviándose audios en formato MP3 e actividades e tarefas impresas a través dos emails dos pais.</p> <p>Coordinación entre os docentes sobre as estratexias metodolóxicas e didácticas que se utilicen.</p>
<b>Materiais e recursos</b>	<p>Utilización dos ordenadores e as tablets con tódolos recursos multimedia como aula virtual, a mensaxería chat para manter contacto continuo co alumnado, learningapps, liveworksheets, wordwall, teach this..</p> <p>Incorporouse a utilización de webex para a vídeo conferencia programada semanalmente na área de inglés así como as chamadas telefónicas nos casos que fosen necesarios.</p>

### 4. Información e publicidade

<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	<p>Empregarase a aplicación Abalar móbil e chamadas telefónicas para as comunicacións directas coas familias.</p> <p>Ó mesmo tempo, utilizaranse o servizo de mensaxería e o chat da aula virtual.</p>
<b>Publicidade</b>	<p>Publicación obrigatoria na páxina web do centro.</p> <p>Informaremos ás familias por Abalar Móbil.</p> <p>Aquelas que non dispoñan de Abalar Móbil enviaráselle unha carta por correo ordinario ou correo electrónico, indicándolle a onde se poden dirixir para atopar a documentación.</p>